

Condições legais do programa de puntos R Residencial

OBXECTO

O programa de puntos de R Cable e Telecomunicacións Galicia S.A.(en diante **R**) foi deseñado como unha atención para aqueles clientes que dispoñen do servizo de telefonía móbil de **R**. Baséase na obtención de puntos por parte do cliente, canxeables por premios que ofrecerá **R**.

BENEFICIARIOS DO PROGRAMA

Son beneficiarios do programa de puntos (en diante "o titular do programa") as persoas físicas que sexan clientas particulares e dispoñan de, polo menos, unha liña móbil **R** residencial de alta. A obtención de puntos por parte destes beneficiarios realízase de xeito automático, de modo que non é necesario que o cliente solicite a alta no programa

O "titular do programa de puntos" correspóndese co titular do contrato de servizos "**R**", independentemente de quen sexa o terceiro que aboe a factura.

O titular é a única persoa que pode cambiar os puntos e será tamén a persoa a quen serán dirixidas todas as comunicacións relacionadas co programa de puntos de **R**.

A CONTA DE PUNTOS R

Cada cliente que participe no programa de puntos de **R** dispoñerá dunha ou máis contas de puntos, nas que quedarán reflectidos os correspondentes movementos de puntos, tanto de obtención coma de troco, coas súas respectivas datas. Existirá unha conta de puntos por cada factura que inclúa móbil **R** residencial.

A conta de puntos estará en estado de alta sempre e cando o cliente manteña contratada polo menos unha liña de móbil **R** residencial.

Un cliente que se encontre en situación de non pagamento manterá a súa conta ou contas de puntos activa, e esta contabilizará os puntos que o cliente obteña pola súa facturación mensual e outros conceptos. Non obstante, o cliente non poderá realizar ningún troco utilizando o saldo da devandita conta ata non regularizar a situación de pagamento con **R**.

A conta de puntos e, en consecuencia o programa de puntos, pasará a un estado de baixa no momento en que o cliente deixe de ter contratada polo menos unha liña móbil **R** residencial (baixa no momento en que o cliente resolva todo/s os contratos de liñas de móbil **R**). Dende este momento, o cliente non poderá realizar, en ningún caso, o troco de puntos acumulados e non cambiados.

Os puntos xerados por un cliente non poderán ser cedidos á conta de puntos doutro cliente. Non obstante, se un mesmo cliente dispón de varias contas de puntos, poderá trasladar puntos entre elas.

Non está permitido que os clientes se asocien para acumular puntos de xeito conxunto.

En caso de que un cliente ceda todos os seus servizos a outro, que pasaría a ser o novo titular do servizo, a conta de puntos **R** quedará cancelada, de modo que o cesionario comezará a acumular puntos dende cero, a partir da data efectiva do cambio de titularidade.

OBTENCIÓN DE PUNTOS R

Un cliente **R** poderá obter puntos por diferentes conceptos:

- Por facturación: cada euro (sen IVE) facturado ao cliente nunha factura que inclúa unha liña de móbil **R** residencial xerará un saldo dun punto. Xerarán puntos tanto os importes facturados ao cliente polo seu cambo como os importes facturados polo servizo de telefonía móbil.
- Por outros conceptos: por exemplo, **R** poderá regalar ou adiantar puntos aos seus clientes como premio pola súa antigüidade ou en función de promocións de carácter puntual.

Os puntos obtidos por facturación xeraranse en cada factura, pero non se consolidarán na conta de puntos do cliente ata a factura seguinte a aquela en que se xeraron. A súa dispoñibilidade para o canxe sempre estará suxeita ao pagamento da factura na que se xeraron os puntos.

Todos os clientes que participen no programa de puntos **R** comezarán a xerar puntos dende o primeiro ciclo de facturación que teña lugar unha vez entre en vigor o "Programa de Puntos".

A conta de puntos de **R** conterá sempre un número enteiro de puntos. A cantidade de puntos acumulada en cada ciclo de facturación redondearase sempre ao enteiro máis próximo.

Os puntos **R** terán unha validez de dous anos para todos os clientes **R**. Transcorrido este tempo, iranse eliminando os puntos máis antigos. A caducidade dos puntos dependerá do ciclo de facturación en que foron xerados, e esta caducidade producirase en bloques, de maneira que caducarán en conxunto os puntos acumulados durante tres meses.

Os clientes poderán coñecer a dispoñibilidade de puntos a través de:

- O extracto de puntos reflectido na súa factura mensual
- A web de clientes de **R**

CANXE DE PUNTOS R

Os clientes titulares da conta de puntos **R** serán os únicos autorizados para solicitar o troco de puntos da conta por calquera dos premios incluídos no catálogo de **R**.

No caso dos trocos e consultas realizadas a través da web de clientes, será posible que o cliente titular do servizo defina unha serie de usuarios delegados e autorizados a utilizar o programa de puntos. Neste caso, os usuarios delegados serán considerados como o titular do programa, con plenas facultades para a consulta e troco de puntos.

Os clientes poderán cambiar os puntos acumulados e non caducados no momento de solicitar o troco, sempre que os puntos acumulados sexan suficientes para obter o produto seleccionado, en función do catálogo de puntos vixente no momento da solicitude, e limitado ás existencias.

É indispensable para o troco de puntos que o cliente se encontre en situación de solvencia de pagamentos con **R**. Aqueles clientes que teñan pendente o pagamento de algunha factura non poderán cambiar os seus puntos ata regularizar a súa situación.

Só poderán realizar trocos de terminais móbiles aquelas liñas que teñan máis de 15 meses de antigüidade como clientes de móbil **R** sempre e cando a permanencia restante sexa inferior a 3 meses.

En caso de que, de forma simultánea ao cambio de terminal, se realice un cambio no consumo mínimo, o novo consumo mínimo aplicarase de inmediato e ata a finalización do compromiso de permanencia sobre a liña correspondente.

Nos casos nos que os premios obtidos a través do programa de puntos sexan terminais móbiles, estes poderán estar provistos dun mecanismo de Sim-Lock, polo cal só poderán ser utilizados con tarxetas SIM de **R**. Así mesmo, o cliente deberá subscribir un novo compromiso de permanencia no consumo mínimo contratado, que será de 18 ou 24 meses adicionais, dependendo do modelo de terminal e estará suxeito a compensación, a favor de **R**, en caso de baixa ou redución do consumo mínimo, por calquera motivo, antes do cumprimento dos respectivos compromisos de permanencia establecidos na firma da renovación de terminal. As contías das penalizacións en caso de baixa ou redución de consumo mínimo anticipados serán as definidas na promoción de benvida en vigor no momento de facer o cambio, publicada en tarifas.mundo-r.com

Os premios que consisten na contratación ou aumento de velocidade sen custo adicional durante un número de facturas son aplicables ao prezo do cambio e opcións do cliente sen promocións. Non son, polo tanto, acumulables a outras promocións sobre cotas, de modo que cambiar un destes premios implica a cancelación doutras promocións que o cliente puidese estar a gozar sobre as cotas do cambio e opcións de internet, como por exemplo a promoción de benvida. Finalizado o período promocional que o cliente recibe como troco de puntos, a nova velocidade comezarase a facturar ao prezo de catálogo correspondente, dispoñible na web na sección de tarifas e promocións.

Cando os premios obtidos a través do programa de puntos consistan na contratación gratuíta de internet ou no aumento de velocidade da conexión que o cliente xa tiña contratada, o troco implicará un aumento da permanencia como cliente de R sempre que para gozar do novo servizo se requira a visita dun instalador ao domicilio do cliente. Isto sucede nos aumentos a 30 megas e no caso da contratación de internet. De acordo con isto, os clientes que contratan por puntos o servizo de internet comprometen unha permanencia de 6 meses no devandito servizo. Os que contratan por puntos un aumento a 30 megas comprometen unha permanencia de 6 meses con esa velocidade.

Todos os premios aplicables ao cambio do cliente non estarán dispoñibles ata que transcorran 72 horas dende o momento en que o cliente realizase o troco a través da web.

En ningún caso se poderán cambiar puntos **R** por diñeiro en efectivo, nin como medio de pago de calquera dos servizos de **R** que non se adquirise como premios a través do programa de puntos.

Unha vez sexa ordenado o canxe, descontarase da conta de puntos o importe correspondente aos puntos cambiados.

Para o caso de trocos de puntos por terminais móbiles, o cliente disporá dun prazo de 15 días no cal poderá devolver o terminal obtido a través do programa de puntos (en perfecto estado, cos seus accesorios e manuais e nas súas embalaxes orixinais). **R** farase cargo dos gastos de recollida e de envío na primeira devolución que faga o cliente.

VARIOS

R resérvase o dereito a modificar de forma total ou parcial as cláusulas e anexos indicados no presente documento. Tales modificacións serán comunicadas oportunamente aos clientes, cunha antelación mínima dun mes, previa á súa aplicación.

R resérvase o dereito de variar ao catálogo de premios, tanto terminais e

produtos coma prezos, coa frecuencia que considere oportuna.

O programa de puntos estará vixente con carácter indefinido, se ben **R** poderá poñerlle fin en calquera momento, logo de notificación aos Clientes que participen neste, con antelación abondo, previa ao fin definitivo do programa.

A participación no programa de puntos de **R** supón a plena aceptación das presentes cláusulas e, en caso de incumprimento dalgunha delas, **R** poderá dar por finalizada a participación dun titular do programa de puntos **R** (procedendo a cancelar todos os puntos que tivera acumulados ata o momento) de forma inmediata, mediante notificación ao titular.